

XOSÉ LUÍS REGUEIRA NOVO DIRECTOR DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

«Temos que situar o ILG ao nivel da investigación internacional»

Colócase á fronte dunha institución á que leva vinculado dende os inicios da súa vida académica

SUSANA LUÑA
SANTIAGO / LA VOZ

A xunta de goberno do Instituto da Lingua Galega reuniuse onte para nomear á persoa que substituíse á fronte da institución a Rosario Álvarez, nova presidenta do Consello da Cultura Galega, e non foi sorpresa para ningún que o elixido fose Xosé Luís Regueira (Vilalba, 1958), xa que o catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago leva toda a súa vida académica vinculado ao ILG. «Xa antes de rematar a carreira traballei como bolseiro», recorda. Logo dunha paréntese de dous anos como lector en Alemaña, volveu á USC e retomou o seu traballo investigador nunha institución clave para os estudos filolóxicos do galego. —**¿Tiña asumido que lle tocaba esa responsabilidade?** —A verdade é que sempre asumín cargos na universidade, pero agora levaba un ano xa que non, dedicado ás clases e á investigación, e xa me estaba a afacer, pero isto é distinto, non tiven dúbida algunha porque todos temos que asumir as respon-



Regueira tamén é membro de número da Academia Galega, dende o ano 2012. PACO RODRÍGUEZ

sabilidades que nos tocan, se non, as cousas non funcionan. Hai un plus de motivación moi gratificante polo compromiso que teño coa universidade, coa investigación e coa lingua. —**Rosario Álvarez, Antón Santamarina, vostede mesmo... Estamos a falar dunha xeración que iniciou os estudos filolóxicos da lingua galega. ¿Cales son os novos desafíos?** —O ILG é un instituto de investigación e temos que situalo ao nivel da investigación internacional. A nosa xeración foi a que fixo o *Atlas Lingüístico Galego*, a *Gramática da Lingua Galega*, o *Diccionario*, as *Normas...* e os que situamos ao galego na Filoloxía Hispánica, e agora o que queda é poñelo no mapa internacional, como

unha lingua normal sobre a que se investiga. Non hai que ter unha relación sentimental, é un obxecto de estudo, e xa está empezando a selo. A súa presenza nas grandes publicacións internacionais aínda é anecdótica e hai que normalizar a investigación sobre o galego. —**Estaba a traballar nos cambios lingüísticos da lingua falada. ¿Faltaban estudos sobre o galego actual?** —Hai unha cuestión evidente que afecta á lingua e que é o contacto co español; todos os que falamos galego falamos tamén español, pero ao revés, non. Habería que estudar tamén como se fala o español en Galicia, de feito, hai dúas persoas na USC que o están facendo. Pero tamén hai pouca xente traballando

na lingua real actual que non é só se se fala ben ou se fala mal, senón tamén que se fala e que lle inflúe. A sociedade galega nos últimos 50 anos sufriu un cambio dramático, dunha sociedade rural a outra urbana. Hoxe nas aldeas xa non hai velliños cun sacho e o que atopamos son grandes tecnolóxicas conectadas a un ordenador onde se fala de embrións xeneticamente modificados, aínda que sexa con gheada. ¿En que medida afecta todo iso á lingua? ¿Que está pasando coa transmisión da lingua nas familias? Todo iso está por estudar. —**Tamén está na Real Academia Galega.** —Loxicamente hai unha relación estreita de colaboración, moita xente dos seminarios da RAG son do ILG.

Perugia edita a Lois Pereiro en italiano

Trátase da sexta tradución de «Poesía última de amor e enfermidade. 1992-1995»

G. N. REDACCIÓN / LA VOZ

A obra de Lois Pereiro (Monforte, 1958-A Coruña, 1996) prossegue o seu lento pero seguro camiño de internacionalización. Desta volta tócame ao poemario *Poesía última de amor e enfermidade. 1992-1995*, composto polo bardo lugués nos seus últimos meses antes de morrer e do que o Centro de Estudos Galegos (CEG) da universi-

dade de Perugia vén de dar ao prelo, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a súa versión italiana, a cargo do profesor e investigador Marco Paone. O novo volume *Poesía última di amore e malattia. 1992-1995* é a sexta tradución dun libro que xa se pode ler, ademais de en galego e italiano, en catalán, en éuscaro, en castelán, en inglés e en búlgaro. O poemario está editado polo selo Aguaplano, na súa fermosa colección *Lapsus Calami*, que acolle no seu catálogo a autores como Ernesto Livorni, Carlo Guerriani e Alessandro Celani. O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín

García —que presentou onte o libro xunto a Paone e a Xosé Manuel Pereiro, irmán do autor monfortino homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2011— deulle a benvida ao novo volume, que, dixo, «contribuirá a seguir proxectando a importante obra de quen foi, sen dúbida, un dos autores que mellor representan a eclósion poética da literatura galega dos 80 e

empatizan a través da palabra, da rebeldía e da contracultura coa xente nova». A edición de Paone vén encher un baleiro na difusión deste poeta entre os lectores italianos, un dos autores máis recoñecibles da poesía galega de finais do século XX». O CEG de Perugia (creado en 1995) está integrado na Rede de Lectorados e Centros de Estudos Galegos da Xunta.

ABANCA venda de ENTRADAS entradas.abanca.com

CINES Y HORARIOS D Día del espectador

A CORUÑA			
CANTONES CINES 3D 981224442 D LUNES			
Hereditary	17.15	19.45	22.15
Hereditary (V.O.S.E.)	17.15	19.45	22.15
El mundo es suyo	16.30	18.30	20.30
Superagente canino	16.15	18.15	20.15
El orden divino	16.00	17.50	19.45
Tully	16.00	18.00	20.00
Deadpool 2	17.15		
Campeones		19.45	22.15
Los 50 son los nuevos 30		18.30	20.30
Jurassic World: El reino caído	16.00	17.30	20.00
Han Solo		17.15	22.30
¡Qué guapa soy!		17.15	19.30
Sherlock Gnomes	16.15	18.15	
Marguerite Duras. París 1944		20.15	
En tránsito		22.40	
VELMO CINES LOS ROSALES 3D 902220922 D LUNES			
¡Qué guapa soy!	17.05	19.20	21.35
Basada en hechos reales			21.00
Deadpool 2	18.15		
El mundo es suyo	18.45	20.45	22.45
El repostero de Berlín	18.50		
El repostero de Berlín (V.O.S.E.)			21.00
Han Solo	17.00	19.40	
Hereditary	18.45		21.30
Jurassic World: El reino caído	18.35	19.15	21.10
Jurassic World (V.O.S.E.)	17.30	20.05	22.40
Las guardianas	17.00		22.15
Las guardianas (V.O.S.E.)		19.45	
Los extraños. Cacería nocturna			22.20
Sherlock Gnomes	17.00		
Superagente canino	18.20	20.20	
Tully	18.30		22.30
Tully (V.O.S.E.)		20.30	
Vengadores. Infinity War	18.00		
Verdad o reto		20.40	22.45
VELMO CINES ESPACIO CORUÑA 3D 902220922 D LUNES			
¡Qué guapa soy!		19.40	22.00
Colmillo blanco	17.35		
Con amor, Simon	15.40	17.55	20.15
Deadpool 2			22.30
El malvado zorro feroz	15.45		
El mundo es suyo	15.45	17.45	19.45
Han Solo		19.00	21.50
Hereditary	16.15	18.50	21.30
Jurassic World: El reino caído	16.00	17.15	18.35
Sherlock Gnomes	17.00		22.25
Superagente canino	16.30	18.30	20.30
CINES MARINEDA CITY 3D D MIÉRCOLES			
Deadpool 2	16.50	19.20	21.50
Han Solo		18.10	22.00
Jurassic World 3D	16.30		21.10
Jurassic World: El reino caído	16.00	17.00	18.00
Jurassic World: El reino caído	19.40	20.50	21.30
No dormirás		19.10	21.00
Colmillo blanco	15.50		
¡Qué guapa soy!	17.10	19.30	22.10
Hereditary	16.10	18.50	21.40
El mundo es suyo	16.20	18.30	20.40
Con amor, Simon	16.40	19.00	21.20
Superagente canino	15.40	17.45	19.50
Con amor, Simon	17.20	20.00	22.35
FERROL			
CINE DÓPLEX 981356065 D MARTES			
Novo de Naxos	18.00		
Marguerite Duras. París 1944		20.15	
Basada en hechos reales	18.00		
Disobediencia (V.O.S.E.)		20.15	
NARÓN			
ODEÓN MULTICINES 981389501 D JUEVES			
Superagente canino	18.10	20.20	22.20
El mundo es suyo	18.00	20.00	22.00
Hereditary	18.20	20.00	22.25
Con amor, Simon	18.10	20.20	22.30
Tully	18.20	20.40	22.35
Jurassic World: El reino caído	18.30	20.00	21.00
Jumanji: Bienvenidos a la jungla 3D		19.00	
Deadpool 2	20.00	22.20	
Han Solo		19.00	22.00
Colmillo blanco	18.00		
¡Qué guapa soy!	18.05	20.15	22.25
El malvado zorro feroz	18.00		
Sherlock Gnomes	18.15		
Campeones			22.00
No dormirás		19.45	22.00
SANTIAGO			
CINES AS CANCELAS 3D 902333231			
Con amor, Simon (V.O.S.E.)		20.30	
Con amor, Simon	16.45	18.15	22.45
Hereditary (V.O.S.E.)			22.00
Hereditary		19.15	
El malvado zorro feroz	16.15		
Jurassic World: El reino caído	17.00	18.00	19.45
Jurassic World: El reino caído	16.00	18.45	21.30
Jurassic World (V.O.S.E.)			21.00
El mundo es suyo	16.20	18.25	20.30
Sherlock Gnomes	16.30		22.35
Campeones	16.45		
Deadpool 2		22.15	
Han Solo		19.30	
No dormirás		22.20	
Superagente canino	16.30	18.30	20.30
CINEMA NUXAM 981560250			
En tránsito (V.O.S.E.)	15.45		
Tully (V.O.S.E.)	12.00	18.00	
M. el vampiro de Düsseldorf (V.O.S.E.)			22.00
Noche de circo (V.O.S.E.)		20.00	
CINES COMPOSTELA 881018467 D MIÉRCOLES			
El malvado zorro feroz	17.30		
En tránsito		20.00	22.15
¡Qué guapa soy!	17.30		22.15
La estación violenta (V.G.)		20.00	
Superagente canino	17.30	20.00	22.15
El orden divino	17.30		22.15
El orden divino (V.O.S.E.)		20.00	
Sherlock Gnomes	17.30		
Los 50 son los nuevos 30		20.00	
Los 50 son los nuevos 30 (V.O.S.E.)			22.15
Las guardianas	17.30		22.00
Caras y lugares (V.O.S.E.)			20.00
CARBALLO			
MULTICINES BERCANTIÑOS 3D 981758063 D JUEVES			
Deadpool 2		22.45	
Han Solo		20.00	
Jurassic World: El reino caído	18.00	20.30	22.45
Superagente canino	18.30	20.30	
El mundo es suyo	18.15	20.30	23.00
Con amor, Simon	18.15	20.30	23.00